

*Memoria de actividades
Servizo de Axudas ao Estudo,
Bolsas, e Prezos Públicos*

Curso académico 2018/2019



Contido

0. Introducción. Aspectos salientables do curso 2018/2019	2
AXUDAS E BOLSAS	3
1. Convocatorias do MEFP	3
1.1. Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco:.....	3
1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos:	6
2. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo.....	7
2.1. Bolsa Comedor:	7
2.2. Bolsas nas residencias universitarias:	8
2.3. Bolsa para iniciar estudos de mestrado:	10
2.4. Bolsas para a realización de cursos de linguas:	11
2.5. Axudas para alumnado con circunstancias económicas ou familiares especiais:.....	12
2.6. Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural:.....	14
2.7. Bolsas de integración:	14
2.8. Bolsas de formación complementaria:.....	15
2.9. Bolsas de mobilidade: destinadas a financiar os gastos derivados dos desprazamentos e estadias para realizar actividades académicas.	26
2.10. Premios: destinados ao alumnado con expediente académico excelente.	34
3. Bolsas das que se realiza a cotización.....	47
PREZOS PÚBLICOS	49

0. INTRODUCCIÓN. ASPECTOS SALIENTABLES DO CURSO 2018/2019

- Aprobación do novo procedemento de fiscalización dos actos, documentos e expedientes (entre os que se inclúen os procedementos de subvencións) dos que puidesen derivarse dereitos e obrigas de contido económico, a fin de asegurar que a xestión dos órganos controlados axústase ás disposicións aplicables a cada caso.
- Implantación da aplicación informática de Expedientes a través da que se informatiza a xestión documental de subvencións, e a tramitación do expediente económico asociado ao gasto e pago.
- Análise e formulación de proposta das táboas de avaliación documental das series documentais da convocatoria de bolsas de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco, e da convocatoria de bolsas comedor da Universidade de Vigo.
- Avances na implantación da administración electrónica coa supresión definitiva da tramitación en soporte papel.
- Melloras na páxina web e nas aplicacións de xestión e difusión para facer máis comprensible e accesible a información sobre os procedementos competencia do servizo.

	Portal de bolsas	Web de prezos públicos	Convocatorias	Axenda
Numero de visitas á páxina	65.207	8.983	115.884	6.544
Número de páxinas vistas únicas	49.432	7.239		
Promedio de tempo na páxina	00:02:18	00:03:19		

Sistema de queixas, suxestións e parabéns

Tipo	Número
Queixa	7
Suxestión	1
Parabén	0

Tempo medio de resposta: 5 días
Número de QSP respondidas en prazo: 100%

AXUDAS E BOLSAS

Ao longo do curso 2018/2019 xestiónanse 2 convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) e 50 convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro).

O importe total adxudicado é de 14.855.945,61 €.

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución* (días)	Número solicitudes	Número concedidas
15.695.960,60 €	74%	71	11681	7374


*desde o fin de prazo de solicitudes

1. Convocatorias do MEFP (e do Goberno Vasco para o alumnado empadroadado no País Vasco)

1.1. **Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno Vasco:** destinada a persoas que se matriculan na Universidade de Vigo nunha titulación oficial de grao ou mestrado.



O 45% das persoas matriculadas solicitan bolsa e a obteñen o 69% das persoas que o solicitan, polo tanto 1 de cada 3 persoas matriculadas obtén bolsa.





Gráfico 1. Histórico solicitudes



Das concedidas, o 27,40% teñen concedida a contía ligada a renda cun importe por bolsa de 1.600 €, o 25% teñen concedida a contía de residencia cun importe por bolsa de 1.500 €, e o 19% teñen so concedida a gratuidade dos estudos.

A contía media é de 2.332,80 € (incluído o importe de prezos públicos de matrícula).





1.1.1. Alegacións.

Gráfico 8. Alegacións presentadas






Gráfico 9. Resolución alegacións




1.1.2. Recursos.

Gráfico 10. Recursos presentados



denegación aumento de contía

Gráfico 11. Resolución recursos



estimados desestimados pendentes

1.1.3 Revogacións. O importe total das revogacións ascendeu a 358.228 € (174 alumnos), o que supón un 1 % do total concedido, incluídos os prezos públicos.

1.2. Bolsa de colaboración cos departamentos: destinadas a iniciar ao alumnado universitario en actividades de investigación nos departamentos universitarios.

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
106.000,00 €	100%	27	82	2.000,00 €

Gráfico 12. Solicitudes por Rama





Gráfico 13. Solicitudes por departamento



2. Convocatorias de bolsas propias da Universidade de Vigo.

2.1. **Bolsa Comedor:** destinada a garantir o acceso e permanencia na universidade do alumnado de titulacións oficiais con escasos recursos económicos.

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 0000 121D 482.01
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
280.000,00 €	100,00%	116	1.269	500,00 €






Gráfico 16. Causas de denegación (pode haber máis dunha por persoa)



2.2. Bolsas nas residencias universitarias: destinadas a financiar o custo do aloxamento nas residencias universitarias ao alumnado de titulacións oficiais.

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2018 0000 121D 482.15
2019 0000 121D 482.15

➤ INDICADORES DE RESULTADOS

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
84.960,00 €	80%	73	149	890,00 €

Gráfico 18 Solicitudes por sexo




Gráfico 19. Solicitudes por resolución






Gráfico 20. Denegadas por causa prioritaria






2.3. Bolsa para iniciar estudos de mestrado: destinada a financiar o custo da matrícula ao alumnado de mestrado afectado polo cambio de requisitos académicos da bolsa de carácter xeral.

- **SECTORES** Estudiantes que inician estudos de Mestrado Oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 0000 121D 482.02
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
125.000,00 €	58,13%	123	99	1.424,69 €

Gráfico 22. Solicitudes




- Concedidas mulleres ■ Concedidas homes
- Denegadas mulleres ■ Denegadas homes

Gráfico 23. Denegadas por causa






- Req. académicos ■ Req. económicos
- Documentación ■ Incompatible



2.4. Bolsas para a realización de cursos de linguas: destinadas a financiar ao alumnado de titulacións oficiais o custo de matrícula dos cursos intensivos de verán no Centro de Linguas da UVIGO, para fomentar o aprendizaxe de linguas estranxeiras.

- **SECTORES** Estudiantes de titulacións oficiais da UVIGO
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 0000 121D 482.99
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
10.000 €	98,76%	57	79	120,44 €



Tramítanse tres alegacións, resultando estimadas

2.5. Axudas para alumnado con circunstancias económicas ou familiares especiais: destinada a atender as necesidades do alumnado matriculado na Universidade de Vigo no curso académico 2018/2019 en estudos universitarios oficiais de grao, mestrado ou doutoramento, que presentan circunstancias económicas ou familiares que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

- **SECTORES**
Estudantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **FONTES DE FINANCIAMENTO**
Orzamentos da UVIGO

➤ **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 0000 121D 482.03

➤ **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
90.000,00 €	79,82%	74	119	1.392,49 €








Gráfico 32. Denegadas causas sobrevidas (pode haber máis dunha por persoa)



2.6. **Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de Doutoramento interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural:** destinada a axudar á difusión dos resultados das investigacións realizadas durante o período de formación do alumnado de Doutoramento a través de publicacións científicas de impacto, congreso internacional ou canle equivalente.

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
1.798,00 €	41,02 %	50	6	184,38 €

Gráfico 33. Solicitudes




2.7. **Bolsas de integración:** destinada á colaboración do alumnado na integración de alumnos/as con necesidades educativas especiais, que requiren dunha atención especial para a súa mellor integración e aproveitamento académico.


- **SECTORES** Estudiantes da mesma titulación oficial
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 0000 121D 482.06
- **INDICADORES DE RESULTADOS**

Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Contía media
11.397,40 €	89,47%	22	11	1.019,74 €


Gráfico 34.Solicitudes



2.8. **Bolsas de formación complementaria:** destinadas a complementar a formación académica do alumnado a través de actividades compatibles cos seus estudos.



Renunciaron 46 bolseiros o 16% do total de concedidas, sendo substituídos polos solicitantes da lista de agarda



	Orzamento inicial	% orzamento executado	Partida orzamentaria	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Prazas ofertadas	Prazas concedidas	Contía media
Centros	280.374,56 €	97,38%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	40	159	79	78	2.771,57 €
Comunicación Institucional	10.612,44 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	40	12	3	3	3.590,46 €
Sistemas Informáticos da Creación en Arte	15.918,66 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	45	15	3	3	5.368,03 €
Difusión de actividades culturais e deportivas Ourense, Vigo e Pontevedra	18.943,24 €	98,00%	2018 0000 121D 48211 2019 0000 121D 48211	48	14	5	4	4.643,20 €
Deseño textil	2.597,90 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	34	4	1	1	1.567,68 €
Divulgación científica na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	3.145,80 €	100,00%	2018 0008 111LL00 482.11 2019 0008 111LL00 482.11	41	8	1	1	3.207,61 €
Educación ambiental (Green Campus)	2.947,90 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	35	7	1	1	2.962,80 €
Igualdade de xénero	7.035,38 €	100,00%	2018 0000 421XEN 482.11 2019 0000 421XEN 482.11	47	7	1	1	6.448,78 €
Sistemas Informáticos - 1ª convocatoria	79.593,30 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	46	51	15	15	5.282,54 €
Sistemas Informáticos - 2ª convocatoria	47.166,40 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	28	51	10	10	3.445,02 €
Medio Ambiente	31.837,32 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	31	31	6	6	4.882,80 €
Normalización lingüística	7.912,44 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	40	7	3	3	1.291,90 €
Apoio aos programas de intercambio (ORI)	15.349,92 €	100,00%	2018 ORI1 121DORI 48211	34	6	2	2	7.674,96 €

			2019 ORI1 121DORI 48211					
Plans de internacionalización (ORI)	28.524,72 €	29%	2018 ORI1 121DORI 48211 2019 ORI1 121DORI 48211	35	3	7	2	4.145,60 €
Fundación ONCE-CRUE	14.400,00 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	39	15	8	8	1.697,77 €
Santander Intraemprende	1.200,00 €	100,00%		17	11	1	1	1.211,70 €
Prevención de riscos laboráis	5.306,22 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	39	13	1	1	4.082,50 €
Responsabilidade Social Universitaria e Axenda 2030	1.905,36 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	39	13	2	2	602,47 €
Xestión de exposicións	11.791,60 €	100,00%	2018 0000 121D 482.11 2019 0000 121D 482.11	48	4	2	2	5.957,61 €
Tradución de textos (ULTREIA)	8.031,18 €	100,00%	2019 0000 121D 482.11	28	6	4	4	2.042,05 €

2.8.1. Bolsa de formación en Centros para o alumnado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO

2.8.2. Bolsa de formación en Comunicación Institucional dirixida ao alumnado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes dos Graos e Mestrados indicados
- **OBXECTIVOS**
 - Poñer en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa comunicación institucional.
 - Desenvolver competencias e habilidades relacionadas coa divulgación de información e o fomento da participación dos membros da comunidade universitaria, nas actividades promovidas polos servizos universitarios.
 - Desenvolver competencias para a difusión de actividades e eventos entre os membros da comunidade universitaria e promover a súa participación.

Tipos:

 - Web
 - Redes sociais
 - Imaxe

2.8.3. Bolsa de formación dirixida ao alumnado da Universidade de Vigo para desenvolver actividades relacionadas cos Sistemas Informáticos da Creación en Arte

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao en Belas Artes
 - Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación.
 - Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual.
 - Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda
- **OBXECTIVOS**
 - Adquirir coñecementos básicos e necesarios para creación audiovisual, gráfica e fotográfica.
 - Adquirir os coñecementos prácticos relativos ás ferramentas dixitais para a creación audiovisual, os métodos e procesos para a creación gráfica e os métodos e procesos tanto analóxicos como dixitais na creación fotográfica.

Perfís:

- Audiovisual
- Gravado
- Fotografía

2.8.4. Bolsa de formación dirixidas ao alumnado da Universidade de Vigo para desenvolver actividades relacionadas coa difusión de Actividades Culturais e Deportivas

- **SECTORES**
 - **Comunicación-Redes sociais** - Campus de Ourense
 - Grao en Enxeñaría Informática
 - Grao en Turismo
 - **Comunicación-Redes sociais** - Campus de Vigo e Campus de Pontevedra:
 - Grao en Publicidade e Relacións Públicas
 - Grao en Comunicación Audiovisual
 - Máster en Dirección de Arte Publicitaria
 - Máster en Comunicación en Medios sociais e Creación en Contidos Dixitais
 - **Comunicación-Internacionalización** - Campus de Vigo:
 - Grao en Lingua Estranxeira
 - Grao en Tradución e Interpretación
- **OBXECTIVOS**

Mellora das habilidades e técnicas comunicativas, no uso efectivo das redes sociais como vehículo de comunicación cos rapaces e coas rapazas universitarias

2.8.5. Bolsa de formación en difusión de Actividades Culturais e Deportivas dirixidas ao alumnado do Campus de Ourense

- **SECTORES**

Estudantes de:

 - Grao en Enxeñaría Informática
 - Grao en Turismo
 - Grao en Historia
 - Grao en Traballo social
 - Máster Universitario en Enxeñaría Informática
 - Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
 - Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
 - Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
 - Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia
 - Especialidade (Ourense): Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía
- **OBXECTIVOS**

Mellora das habilidades e técnicas comunicativas, no uso efectivo das redes sociais como vehículo de comunicación cos rapaces e coas rapazas universitarias

2.8.6. Bolsa de formación en Deseño Téxtil para o alumnado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes do Máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda
- **OBXECTIVOS**
 - Manexo da maquinaria específica dos talleres de deseño, patronaxe e confección
 - Competencia na xestión dun taller de deseño, patronaxe e confección

2.8.7. Bolsa de formación para desenvolver actividades de divulgación científica na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
 - Máster Universitario en Xeoinformática
- **OBXECTIVOS**
 - Adquirir coñecementos prácticos para a xestión de actividades de divulgación científica
 - Introducir ao alumnado no coñecemento de eventos científicos aplicando os coñecementos adquiridos na titulación

2.8.8. Green Campus

- **SECTORES** Estudiantes do Grao en Enxeñaría Forestal
- **OBXECTIVOS**
 - Poñer en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa educación ambiental
 - Desenvolver competencias e habilidades relacionadas con tarefas de conservación da natureza

2.8.9. Bolsa de formación para desenvolver actividades relacionadas coa Igualdade de Xénero

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Estudos oficiais de Máster ou de Doutoramento das ramas de
 - Ciencias Sociais e Xurídicas
 - Artes e Humanidades
 - Máster en Profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas
 - Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
 - Programa de Doutoramento en Creatividade e innovación social e sostible
 - Programa de Doutoramento en auga, sustentabilidade e desenvolvemento

- **OBXECTIVOS** Os perfís das persoas candidatas deberán atender á perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria, que enmarcarán o ámbito de formación no que se desenvolverá a bolsa

2.8.10. Bolsa de formación dirixida ao alumnado da Universidade de Vigo para desenvolver actividades relacionadas cos Sistemas Informáticos

- **SECTORES** Estudiantes de Grao ou Máster da Rama de Enxeñaría e Arquitectura
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación teórica e práctica do alumnado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula

2.8.11. Bolsa de formación en Medio Ambiente dirixida ao alumnado da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes de Grao ou Máster das Rama de Ciencias e Enxeñaría
- **OBXECTIVOS** Adquirir coñecementos prácticos e teóricos para a xestión e avaliación do impacto ambiental, manexo de ecosistemas, medición da eficiencia de consumos de materias primas e correcta xestión de residuos

2.8.12. Bolsa de formación para desenvolver actividades relacionadas coa normalización lingüística

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao en Estudos de Galego e Español
 - Grao en Tradución e Interpretación
 - Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios
- **OBXECTIVOS** Adquirir os coñecementos prácticos relativos ás campañas de dinamización lingüística, en actividades de formación e en labores de implantación efectiva de plans de normalización lingüística

2.8.13. Bolsa de formación dirixida ao alumnado da Universidade de Vigo para desenvolver actividades de apoio aos programas de intercambio internacional

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao
 - Mestrado
 Nivel de inglés B2 e de galego Celga 4
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación do alumnado colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas aos programas de intercambio e de cooperación internacional

2.8.14. Bolsa de formación para desenvolver actividades relacionadas cos plans de internacionalización dos centros da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao
 - Mestrado

Nivel de inglés B2 e de galego Celga 4
- **OBXECTIVOS** Fomentar unha mellor formación do alumnado colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas aos mesmos relacionadas coas iniciativas de internacionalización dos seguintes centros da Universidade de Vigo:
 - Campus de Ourense
 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
 - Campus de Vigo
 - Facultade de Bioloxía e Facultade de Ciencias do Mar
 - Escola de Enxeñería de Telecomunicación e Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía
 - Escola de Enxeñería Industrial
 - Escola Universitaria de Estudos Empresariais
 - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
 - Campus de Pontevedra
 - Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

2.8.15. Bolsa práctica “Fundación ONCE-CRUE” para alumnado universitario con discapacidade

- **SECTORES** Estar matriculado/a na Universidade de Vigo en titulacións oficiais de GRAO e MESTRADO
Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%
- **OBXECTIVOS** Facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a alumnado universitario con discapacidade promovendo así a mellora da súa empregabilidade e futuro profesional
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Fondos da Fundación ONCE

2.8.16. I Programa “Bolsas Santander Intraemprende”

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao
 - Mestrado
- **OBXECTIVOS** Participación en proxectos de intraemprendemento das empresas inscritas no Programa
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Aportación Campus Iberus

2.8.17. Bolsa de formación para desenvolver actividades relacionadas coa Prevención de riscos Laborais

➤ **SECTORES**

Estudantes de:

- Grao Enxeñaría en Organización Industrial,
- Grao Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais,
- Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Máster de Prevención de Riscos Laborais

➤ **OBXECTIVOS**

Adquirir os coñecementos prácticos relativos ao deseño, implantación e xestión de políticas de prevención de riscos laborais nas organizacións.

Introducir ao alumnado no coñecemento das obrigas legais en materia de seguridade e saúde no ámbito laboral.

2.8.18. Bolsa de formación en Responsabilidade Social Universitaria e Axenda 2030 dirixidas ao alumnado da Universidade de Vigo

➤ **SECTORES**

Estudantes de:

- Grao das ramas de Ciencias e de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Máster das ramas de Ciencias e de Ciencias Sociais e Xurídicas

➤ **OBXECTIVOS**

- Coñecer os compoñentes e fundamentos da Responsabilidade Social Universitaria en perspectiva comparada.
- Comprender a Axenda 2030 e saber aliñar os obxectivos do desenvolvemento sostible coa estratexia de Responsabilidade Social da Universidade.
- Recompilar e analizar Plans de Responsabilidade Social de Universidades españolas, europeas e Latinoamericanas.
- Coñecer a estrutura organizativa de Responsabilidade Social das universidades e de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.
- Saber crear materiais e recursos sobre RSU, Axenda 2030 e Cooperación destinados á comunidade universitaria.
- Saber deseñar e implementar actividades en torno á Responsabilidade Social, Axenda 2030 e Cooperación así como campañas de sensibilización.

2.8.19. Bolsa de formación para desenvolver actividades relacionadas coa xestión de exposicións

➤ **SECTORES**

Estudantes de:

- Grao en Belas Artes
- Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación
- Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda
- Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual

➤ **OBXECTIVOS**

- Adquirir coñecementos básicos e necesarios para a xestión de exposicións e doutras actividades culturais.
- Adquirir os coñecementos prácticos relacionados co mantemento e organización de salas de exposición.
- Introducir ao alumnado no coñecemento e problemática asociada á xestión cultural.

2.8.20. Bolsa de formación en tradución de textos (ULTREIA)

➤ **SECTORES**

Estudantes de:

- Grao en Linguas Estranxeiras (inglés)
- Máster en Tradución para a comunicación internacional
- Máster en Tradución multimedia
- Máster en Lingüística aplicada
- Máster en Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións

➤ **OBXECTIVOS**

Introducir ao alumnado no coñecemento da tradución científico-técnica e da terminoloxía empregada en Enxeñaría.

Adquirir coñecementos prácticos para a tradución ao inglés de material técnico en Enxeñaría.

2.9. **Bolsas de mobilidade:** destinadas a financiar os gastos derivados dos desprazamentos e estadias para realizar actividades académicas.

	Partida orzamentaria	Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Solicitudes concedidas	Contía media
Doutoramento (1ª conv.)	2019 00PG 131H 482.10	50.350,00 €	65,24%	109	96	79	415,82 €
Doutoramento (2ª conv.)	2019 00PG 131H 482.10	16.800,00 €	94,64%	30	38	30	530,00 €
Mestrado	2019 0010 111LP05 482.10 2019 0009 111LP07 482.10 2019 0008 111LP20 482.10 2019 0016 111LP70 482.10 2019 0010 111LP98 482.10	8.300,00 €	74,70%	84	23	23	248,00 €
Ourense Exterior	2018 OUR1 211 E 482.10 2019 OUR1 211 E 482.10 2018 00CS 421S 482.99	24.500,00 €	37,96%	62	10	3	3.100,00 €
Fundación Carolina	2018 0000 121D 482.99 2019 0000 121D 482.99	10.600,00 €	100,00%	Concesión directa	2	2	5.300,00 €
Cátedra Feminismos*	2019 00RS 131H 481.01	7.000,00 €	0,00%	48	4	0	0,00 €
Mujeres por África	2018 0000 121D 482.99 2019 0000 121D 482.99	21.600,00 €	100,00%	Concesión directa	2	2	10.800,00 €
UNILA	2018 0000 121D 482.99	2.000,00 €	100,00%	Concesión directa	1	1	2.000,00 €
Activ. Carácter formativo	2019 0000 121D 482.10	30.000,00 €	22,23%	99	34	31	186,22 €
RSU e Axenda 2030**	2019 0000 121D 482.10	10.000,00 €	0,00%	32	1	0	0,00 €

* 1ª e 2ª convocatorias desertas.

** Crédito liberado por non presentar a beneficiaria a documentación de aceptación na entidade de acollida e non hai ningunha persoa na lista de agarda.

2.9.1. Bolsa Mobilidade para o alumnado de programas de Doutoramento da Universidade de Vigo (1ª e 2ª convocatoria)

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento dos indicados
- **OBXECTIVOS** Contribuír a paliar os gastos ocasionados ao alumnado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento, con motivo da asistencia a cursos, congresos, estadias e realización de actividades incluídas na súa programación académica, que impliquen desprazamento





Gráfico 41. Solicitudes por Programa de Doutoramento



2.9.2. Bolsa Mobilidade Mestrado:

➤ **SECTORES**

Estudantes dos seguintes Mestrados:

- Xenómica e xenética
- Química teórica e modelización computacional
- Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
- Investigación química e química industrial
- Enxeñaría de minas

➤ **OBXECTIVOS**

Sufragar os gastos derivados da realización de actividades propias dos Mestrados oficiais impartidos pola Universidade de Vigo, que se teñan que desenvolver nun lugar diferente ao da sede do Mestrado

Gráfico 42. Solicitudes





Gráfico 43. Solicitudes por Mestrado





Gráfico 44. Número de concedidas por importe da axuda



2.9.3. Bolsas mobilidade internacional "Ourense exterior" para realizar estudos de Mestrado no Campus de Ourense

- **SECTORES** Estudiantes de Mestrado
- **OBXECTIVOS** Facilitar a mobilidade de cidadáns/ás ourensáns, galegos e españois residentes no estranxeiro, aos seus descendentes e demais cidadáns estranxeiros residentes fora de España, para cursar os estudos de primeiro de mestrado no Campus de Ourense

3 bolsas concedidas a alumnado procedente de Brasil, Colombia e Italia



2.9.4. Bolsa de concesión directa para mobilidade en virtude do convenio asinado coa Fundación Carolina

➤ **SECTORES**

Estudantes do Mestrado en menores en situación de desprotección e conflito social

➤ **OBXECTIVOS**


A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa FUNDACIÓN CAROLINA co obxectivo de formar persoal investigador con capacidade para deseñar, poñer en práctica e liderar proxectos de investigación en materia de desprotección e conflitividade social de menores de idade, desde unha perspectiva xurídica, psicolóxica e socioeducativa. Contribuír a financiar o custo da estadía na Universidade de Vigo para cursar o *Mestrado en menores en situación de desprotección e conflito social*.

2 bolsas concedidas a alumnas procedentes de México

2.9.5. Bolsa de mobilidade da “Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO”

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Facilitar as estadias en centros de investigación realizadas, polo alumnado de doutoramento, para contribuír ao intercambio de coñecemento e a mellora e internacionalización da súa carreira investigadora con relación aos estudos con perspectiva de xénero da actual sociedade dixital (o chamado “machismo dixital”)

Quedou deserta a 1ª convocatoria (7 solicitudes) e a 2ª convocatoria (4 solicitudes).



2.9.6. Mujeres por África

- **SECTORES** Estudiantes de Mestrado
- **OBXECTIVOS** A FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA ten asinado un convenio coa Universidade de Vigo co obxecto de contribuír ao progreso das mulleres africanas e as sociedades nas que viven, a través da participación no programa de bolsas Learn Africa para estudantes e investigadoras júnior africanas na Universidade de Vigo

2 bolsas concedidas a mulleres procedentes de Cabo Verde e Guinea

2.9.7. Concesión directa de bolsa a estudantes por interese humanitario (UNILA)


- **SECTORES** Estudiante de intercambio
- **OBXECTIVOS** Atender ao estado de necesidade do estudante por ser vítima de roubo na súa chegada a España

1 bolsa concedida a un alumno procedentes de Brasil

2.9.8. Bolsa de mobilidade para a realización de actividades de carácter formativo


- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao
 - Mestrado
- **OBXECTIVOS** Fomentar a participación do alumnado en proxectos e eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamento que complementen a súa formación académica

Gráfico 44.Solicitudes



As 3 solicitudes denegadas son por estar vinculadas as prácticas

Gráfico 45. Solicitudes por titulación



2.9.9. Bolsa de mobilidade para a realización do Traballo de Fin de Grao/Máster

- **SECTORES** Estudiantes de:
 - Grao
 - Mestrado
- **OBXECTIVOS** Permitir que estudantes da Universidade de Vigo poidan realizar unha estada vinculada a unha entidade de cooperación nun país dos sinalados no transcurso da

elaboración do seu Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster no que traten aspectos relacionados coa Axenda 2030, a Cooperación ao desenvolvemento e a Responsabilidade Social


Só houbo una solicitude e renunciou

2.10. Premios: destinados ao alumnado con expediente académico excelente.

	Partida orzamentaria	Orzamento inicial	% orzamento executado	Tempo resolución (días)	Número solicitudes	Número de concedidas	Contía media
Cátedra Deloitte	2019 0007 111LL00 482.12	1.750,00 €	100,00%	24	4	2	875,00 €
Egeria	2019 0000 121D 482.99	3.300,00 €	100,00%	70	34	6	550,00 €
Excelencia deportiva	2019 00CA 211E 482.99	2.000,00 €	100,00%	35	44	4	500,00 €
Inicio Doutoramento	2018 00PG 131H 482.12	9.000,00 €	86,11%	29	34	17	250,00 €
Inicio Grao	2018 0000 121D 482.12	36.000,00 €	100,00%	62	94	60	600,00 €
Inicio Mestrado	2018 0000 121D 482.12	9.000,00 €	100,00%	62	60	15	600,00 €
RSU e Axenda 2030	2019 0000 121D 482.12	7.500,00 €	53,04%	64	24	6	663,03 €
TFM MEIA	2019 0000 121D 482.12	500,00 €	100,00%	62	3	2	250,00 €
Textos académicos en galego	2019 0000 421SNLI 482.99	12.000,00 €	93,33%	66	158	27	414,81 €
Incuvi Avanza	0000 121D 482.99	6.000€	100%	20	2	2	3000€


2.10.1. Premios “Cátedra Deloitte”:

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** O recoñecemento dos traballos de fin de Grao e Mestrado realizados polo alumnado da UVigo do ámbito TIC que se distinguan por ser especialmente relevantes no que atinxe aos beneficios sociais que levan asociadas as propostas dos mesmos, facilitando un premio en metálico aos autores/as.



2.10.2. Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de Grao e Mestrado:

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** Recoñecer, publicitar e premiar os mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Máster (TFM) que inclúan a perspectiva de xénero realizados polo alumnado
- **CONTÍAS**
 - TFTG: 500 €
 - TFM: 600 €



2.10.3. Premios á excelencia deportiva:



- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Recoñecen a quen, de entre o alumnado, máis destacara considerando a traxectoria deportiva e a súa conciliación coa vida académica durante o curso 2018/2019
- **CONTÍA** 500 € cada premio
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** 2019 00CA 211E 482.99


Gráfico 48. Solicitudes




2.10.4. Premios á excelencia académica para o novo alumnado de Doutoramento:

- **SECTORES** Estudiantes de Doutoramento por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Atender de maneira especial ao novo alumnado da Universidade de Vigo que destaca particularmente por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de Doutoramento
- **CONTÍA** 200 € cada premio











2.10.5. Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos universitarios en titulacións de Grao:



- **SECTORES** Estudiantes de Grao por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao alumnado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso na universidade, ou que teñan acadado un relevante éxito nas distintas fases das Olimpíadas científicas
- **CONTÍA** 600 € cada premio







2.10.6. Premios á excelencia académica para estudantes que inicien estudos Mestrado



- **SECTORES** Estudantes de Mestrado por primeira vez
- **OBXECTIVOS** Incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao alumnado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso nos estudos de Máster
- **CONTÍA** 600 € cada premio






2.10.7. Premio TFG/TFM en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a RSC

- **SECTORES** Estudiantes de Grao e Mestrado
- **OBXECTIVOS** Recoñecemento dos traballos de fin de Grao e Mestrado realizados polo alumnado da Universidade de Vigo que se distinguen por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social, facilitando a gratuidade da matrícula nos estudos que supoñan continuación dos xa cursados
- **CONTÍA** importe dos prezos públicos por servizos académicos dos estudos dos que se matricule







2.10.8. Premios aos expedientes académicos con mellores cualificacións no Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións


- **SECTORES** Estudiantes do Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións
- **OBXECTIVOS** Recoñecer e incentivar ao alumnado con aproveitamento académico excelente no Mestrado de Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
- **CONTÍA** 250 € cada premio



2.10.9. Axuda para redactar e defender en galego Teses de Doutoramento, Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Mestrado:

- **SECTORES** Estudiantes de Grao, Mestrado e Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Incentivar o uso do galego nas Teses de Doutoramento, nos Traballos de Fin de Grao e nos Traballos de Fin de Mestrado, así como premiar o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma e incrementar o patrimonio dos textos redactados
- **CONTÍAS**
 - TESE: 600 €
 - Traballo de fin de grao e traballo de fin de mestrado: o importe adxudicado será o resultado de repartir entre as 25 persoas premiadas o crédito restante despois da adxudicación dos premios á teses de doutoramento, ata un máximo de 400 €





2.10.10. Incuvi avanza


➤ **SECTORES**

Estudantes ou persoas egresadas da Universidade de Vigo que resultaran gañadores ou obtivesen unha mención honorífica na convocatoria de INCUVI-Emprende publicada por R.R do 15 de decembro de 2016

➤ **OBXECTIVOS**

Contribuír á consolidación de proxectos emprendedores viables, nados ou desenvolvidos na Universidade de Vigo e promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas na mesma.

Unha achega económica para facer fronte a custos e investimentos derivados da posta en marcha dos proxectos. A concesión desta axuda económica quedará supeditada á constitución como empresa do proxecto.



Tódalas solicitudes denegadas son por non ter menor puntuación que as solicitudes concedidas

3. Bolsas das que se xestiona a cotización de seguros sociais.

	Orzamento inicial	% orzamento executado	Nº prazas convocadas	Contía media
E.C.I.M.A.T.	27.000,00 €	100,00%	3	9.000,00 €
C.A.C.T.I.	27.000,00 €	100,00%	3	6.562,50 €
C.I.T.I.	18.000,00 €	100,00%	2	9.000,00 €

3.1. Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I.) da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudiantes de Mestrado ou Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Subvencionar a formación e aprendizaxe no dominio das técnicas utilizadas nos servizos que se prestan no C.A.C.T.I.

- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** CAT1 131H 482.99

3.2. Bolsas de formación na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (E.C.I.M.A.T.) da Universidade de Vigo

- **SECTORES** Estudantes de Mestrado ou Doutoramento
- **OBXECTIVOS** Subvencionar a formación e aprendizaxe no dominio das técnicas utilizadas na E.C.I.M.A.T.
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** EMT1 131H 482.99

3.3. Bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (C.I.T.I.) da Universidade de Vigo


- **SECTORES** Posuír segundo o perfil das bolsas, as seguintes titulacións preferentes:
 - Bolsa BF1: Grao en Enxeñaría Informática ou equivalente
 - Bolsa BF2: Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos, Ciencias ambientais, Enxeñaría agraria, Bioloxía ou equivalentes
- **OBXECTIVOS** Facilitar que presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, no C.I.T.I. de Ourense. Se pretende que a persoa beneficiaria da bolsa se inicie en tarefas que, ou ben estean directamente vinculadas aos estudos que estea cursando, ou ben lle sirvan de aprendizaxe que poida contribuír á súa formación para a incorporación a un entorno de traballo real
- **FONTES DE FINANCIAMENTO** Orzamentos da UVIGO
- **PARTIDA ORZAMENTARIA** CITI 131H 482.99

PREZOS PÚBLICOS


Ao longo do curso 2018/2019 realízase a xestión de prezos públicos derivados da actividade académica e a xestión da cotización do seguro escolar.

No tocante á xestión de prezos públicos asociados á actividade académica de titulacións oficiais e propias, os ingresos do curso supoñen un total de 14.383.441,17 €.

Gráfico 73. Ingresos por tipo de estudo





1. **Xestión do pago:** no que respecta á forma de pago elixida distribúese do seguinte xeito:




2. Xestión das exencións e bonificacións:

As exencións e bonificacións do importe total ou parcial de matrícula e outros prezos públicos asociados, son aprobadas cada curso académico pola Consellería de Educación. No curso 2018/2019 foron beneficiarios de exención ou bonificación 4.079 alumnos/as cun importe total de 1.099.925,74 € distribuídos do seguinte xeito:



A exención correspondente a familias numerosas de 3 fillos é compensada á Universidade polo MEFP, o que neste curso supón un importe de 519.790,26 €. Os demais importes son compensados pola Xunta de Galicia a través do financiamento global aportado á Universidade.

3. Xestión da falta de pagamento:



4. Xestión das devolucións:

Finalizado o curso realizáronse 1.483 devolucións de prezos públicos por un importe de 418.264,20 €. Entre as causas de devolución a máis común é a anulación total ou parcial da matrícula, e, en menor medida, a concesión de exencións ou subvencións comunicadas con posterioridade á matrícula.


5. Xestión do seguro escolar:

Cotizouse por un total de 17.228 alumnos.


6. Xestión da axuda de fondo de acción social para o persoal do Sistema Universitario Galego:

O persoal das universidades galegas ten recoñecida a gratuidade dos prezos públicos derivados da matrícula en titulacións oficiais, a través dos correspondentes acordos sindicais e con cargo aos fondos de acción social de cada universidade.

As axudas xestionadas no curso 2018/2019 de alumnado matriculado na UVIGO repártense do seguinte xeito:



Con respecto ao persoal da UVIGO matriculado nas outras dúas universidades galegas distribúese do seguinte xeito



Polo que o importe total da axuda do fondo de acción social imputable ao persoal da UVIGO é 280.984,88 €.

